



Proxecto:	Parque eólico Vacaloura
Documento:	Resposta do promotor ao informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 26.10.2022 sobre o Estudo de impacto ambiental e o Proxecto sectorial
Localización:	Monterroso e Portomarín (Lugo)
Promotor :	Green Capital Power, SL
Remitente:	Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais. Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación
S/clave:	IN408A 2017/028
Data rexistro:	12.01.2023
Expediente :	03.I.495.2022.001 (Servizo de Arqueoloxía) e IA2432/2020 (Servizo de Arquitectura)

O 12.01.2023 ten entrada no rexistro electrónico da Xunta de Galicia un escrito do Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, polo que se dá traslado da resposta do promotor do parque eólico Vacaloura ao informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 26.10.2022 sobre o estudo de impacto ambiental e o proxecto sectorial do parque eólico Vacaloura, para que se emita o correspondente informe.

A tales efectos achéganse, entre outros, o documento *Addenda ao Estudo do Impacto Ambiental. Parque Eólico Vacaloura. Xaneiro 2023* e un arquivo *shapefile* coa alternativa definitiva resultante.

ANTECEDENTES:

En relación co proxecto de referencia, atópanse nesta Dirección Xeral de Patrimonio Cultural os seguintes antecedentes:

- O 24.11.2017 a Directora Xeral de Patrimonio Cultural resolve autorizar a intervención "*Avaliación do Impacto arqueolóxico do parque eólico Vacaloura (Monterroso e Portomarín, Lugo)*", dirixida pola arqueóloga Lorena Vidal Caeiro da empresa Zeta Arqueoloxía, con código de intervención ED 102A 2017/601-0 na que se avaliou un anterior deseño deste parque.
- "*Documento de inicio. Parque eólico Vacaloura. Decembro 2019*" informado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural o 08.07.2020 dentro do trámite de consultas da avaliación de impacto ambiental ordinaria. Neste informe indícase, entre outras consideracións, que o Estudo de Impacto Ambiental deberá completarse con análises visuais desde o BIC Torre de Penas e as igrexas románicas de Penas e Pol. Ademais, ao respecto do Camiño de Santiago, Camiño Francés e a súa zona de amortecemento, indícase que deberán eliminarse as posicións dos aeroxeradores V-5, V6, V7, V8 e V9 e torre anemométrica, e apúntase a posibilidade de concentrar a potencia eólica na zona sur do parque.
- O 23.07.2020 a Directora Xeral de Patrimonio Cultural resolve autorizar a intervención "*Avaliación do Impacto sobre o Patrimonio Cultural do Proxecto PE Vacaloura (Monterroso e Portomarín, Lugo)*", dirixida pola arqueóloga Lorena Vidal Caeiro da empresa Zeta Arqueoloxía, segundo o presentado por Green Capital Power S.L. en data 29.06.2020. Este proxecto de intervención recibe o código CT 102A 2020/492-0.
- "*Estudo de Impacto Ambiental. Parque Eólico Vacaloura. Novembro 2020*", "*Proxecto Sectorial. Parque Eólico Vacaloura. Novembro*", e documentación complementaria "*Fotomontaxes Parque Eólico Vacaloura*", informados pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural o 26.10.2022. Neste informe indícase que o proxecto do parque eólico Vacaloura debe modificarse e completarse no seguinte senso:
 - Deberá eliminarse o aeroxerador A04, que se localiza na zona de amortecemento do camiño francés, en cumprimento do requirido no informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 08.07.2020.
 - Rectificaranse as plataformas e demais obras necesarias para a execución dos aeroxeradores A05 e A06 de xeito que non invadan a dita zona de amortecemento.





- Aclararase cales son as características definitivas de cada unha das máquinas (altura de buxa e diámetro de rotor) xa que nos documentos non o especifica e fálase de dúas alturas e dous diámetros de rotor.
- Recomendase á diminución da altura de buxa das máquinas A02 e A03, pola afección visual producida sobre o BIC Torre das Penas e as igrexas románicas de Penas e Pol ou ben complementar a plantación de arboredo autóctono existentes, de xeito que se mitigue de forma significativa o impacto visual producido polas infraestruturas proxectadas sobre os bens patrimoniais anteditos.
- Deberá de verificarse a correcta situación das Medorras de Pena Porreira (GA27049009 e GA27049015), revisándose a zona marcada nas fichas históricas, especialmente no contorno do punto visible na fotografía aérea, entre os anos 2002 e 2017, situado nas coordenadas UTM (ERTS89 fuso29N) X: 602.583 Y: 4.740.343. Revisarase de xeito intensivo toda a zona e, no caso de contrastar en campo os datos visibles na fotografía histórica, proxectarase unha alternativa ao actual deseño do vieiro.
Do mesmo xeito, e unha vez verificada a existencia, ou non, de restos dos túmulos actualmente considerados como desaparecidos, deberá enviarse a posición definitiva da plataforma e acopios do aeroxerador A5.
- Na zona das Medorras de Vacaloura será necesario verificar a correcta localización destas sobre o terreo, cando menos daquelas que poidan verse afectadas na súa área de protección polas futuras obras como a Medorra da Vacaloura 4 (GA27032100).
- Do mesmo xeito que se solicita nos puntos anteriores, realizarase un labor de localización e verificación sobre o terreo de todos os xacementos que se sitúan no contorno de 200 metros das obras, asegurándose de que non se atopen noutro punto da poligonal, e daranse oficialmente por desaparecidos aqueles que se consideren como tales.
- Por outra banda ao non concretarse os accesos ao parque eólico fóra da poligonal, nin as actuacións que serán necesarias para acondicionar estes accesos, lémbrese que resulta preceptiva a realización dunha prospección arqueolóxica de todo o ámbito afectado por obras relacionadas con estes accesos ao parque desde fóra da poligonal. Esta intervención arqueolóxica deberá de realizarse por arqueólogos/os competentes autorizadas/os por esta Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.
- Con carácter previo ao inicio das obras deberá presentarse unha avaliación do impacto sobre o patrimonio cultural dos accesos ao parque eólico, na que se concrete o itinerario de acceso desde a rede de estradas xerais e se detallen as actuacións necesarias para facilitar o paso do transporte especial (podas, talas, rectificación de curvas, modificacións no firme, cunetas, etc.). Identifícaranse os bens do patrimonio cultural que puideran verse afectados, tanto nos núcleos polos que se atravesase como no resto do trazado ata chegar aos aeroxeradores (hórreos, cruceiros, valados de pedra, muros de peche tradicionais, antigos camiños e corredoiras, carballeiras, pontes, pontellas, muíños e outras construcións etnográficas) e valorarase a posible afección aos elementos e os seus contornos, establecendo as medidas protectoras e correctoras necesarias para a súa salvagarda.

Con respecto do proxecto sectorial adóptanse as seguintes medidas

- Deberá incorporar todas as modificacións no deseño do parque eólico, que deberán de reflectirse nas planimetrías correspondentes. Asemade deberá completarse coa totalidade do inventario dos bens identificados no estudo, todas as valoracións de impacto sobre os mesmos e a proposta de medidas protectoras e correctoras que se recollan no estudo de impacto ambiental a raíz destes cambios. As modificacións do proxecto executivo e do estudo de impacto ambiental deberán recollerse para que haxa correspondencia entre todos os documentos.
- Os contornos de protección dos bens arqueolóxicos serán os definidos nos planeamentos correspondentes, e, no seu defecto, especialmente naqueles casos nos que a situación nos planeamentos non sexa correcta, os contornos establecidos no artigo 38 da Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia.
- Respecto da cualificación urbanística dos terreos, deberá recollerse a correspondente a solo rústico de protección de patrimonio para as áreas de protección integral dos xacementos arqueolóxicos. Asemade deberán referirse as normativas de protección do patrimonio cultural dos planeamentos urbanísticos dos concellos afectados.
- Asemade os concellos afectados deberán integrar os novos xacementos arqueolóxicos, unha vez identificados e contrastados, ao tempo que se deben de retirar aquelas referencias ou elementos que xa están verificados como inexistentes dos catálogos urbanísticos de protección. Tamén deberán de definirse e cartografarse seus contornos de protección e retirar os elementos sen interese arqueolóxico das planimetrías de ordenación.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:



Lexislación aplicable en relación co patrimonio cultural:

- *Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia* (DOG núm. 92, do 16.05.2016)
- *Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia* (DOG núm. 139, do 18.07.2008)
- *Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban as Directrices de Ordenación do territorio de Galicia* (DOG núm. 36, do 22.02.2011)
- *Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental* (BOE núm. 296, do 11.12.2013)
- *Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia* (DOG núm. 162, do 27.08.2018)
- *Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia* (DOG núm. 150, do 06.08.1997)
- *Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices de paisaxe de Galicia* (DOG núm. 20, do 01.02.2021)
- *Decreto 73/2022, de 25 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades* (DOG núm.101, do 27.05.2022)

Á vista da documentación remitida, e en relación co patrimonio cultural, tense en conta o expresado nos informes dos servizos técnicos:

Análise da resposta do promotor:

- O escrito de contestación vén asinado o 5 de xaneiro de 2023 e acompañado dunha "Addenda ao Estudo de Impacto Ambiental. Parque Eólico Vacaloura. Xaneiro 2023", na que se recollen as aclaracións e modificacións solicitados pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural no seu informe do 26.10.2022.
- O documento **"Addenda ao Estudo de Impacto Ambiental. Parque Eólico Vacaloura. Xaneiro 2023"** dá conta das seguintes modificacións introducidas no deseño do parque eólico:
 - Nova situación dos aeroxeradores VC02 e VC03, fóra da AEIP Montes da Vacaloura.
 - Nova situación dos aeroxeradores VC04, VC05 e VC06, e as infraestruturas que os acompañan, fóra da zona de amortecemento do Camiño Francés.
 - Adecuación do trazado dos vieiros e da gabiá de cableado a partir dos cambios introducidos no deseño do parque eólico, coa consecuencia da redución da súa lonxitude.
 - Diminución da altura de buxa do aeroxerador VC05 de 127,5 m a 90 m. O aeroxerador VC04 xa tiña altura de buxa de 90 m no proxecto de información pública. O resto dos aeroxeradores manteñen a altura de 127,5 m e todos o diámetro de rotor de 145 m.

Segundo este documento, as modificacións realizadas implican cambios no impacto sobre o patrimonio cultural. Por un lado, a modificación da posición dos VC04, VC05 e VC06 fóra da área de amortecemento do Camiño Francés, reduce a afección sobre o mesmo. Por outra banda, os cambios no trazado dos vieiros e as gabias modifican as afeccións sobre outros elementos arqueolóxicos.

No apartado 4. *Identificación y valoración de impactos, da Adenda al Estudio de Impacto Ambiental Parque Eólico Vacaloura* considéranse como compatibles os impactos sobre o Patrimonio Cultural Compatible. No subapartado 4.3.4.1. *"Impacto sobre el Patrimonio Cultural"* dise expresamente que se diminúen afeccións sobre varios bens do patrimonio cultural. A modificación da gabiá crearía, segundo este mesmo subapartado 4.3.4.1., unha nova afección sobre a Medorra de Penas do Viso 1 (GA27032050).

Por último o apartado conclúe que: *"Tras analizar estos cambios en la afección, la valoración del impacto del Parque Eólico Vacaloura sobre el patrimonio cultural no varía, valorándose como Compatible"*.

O documento tamén establece as novas medidas correctoras, protectoras e compensatorias a engadir ás establecidas no *estudo de impacto ambiental* e que, no caso do patrimonio cultural, consisten en recoller tódolos requirimentos e condicionantes estipulados no informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 26.10.2022.

- No documento **proxecto refundido**, máis concretamente no apartado 1 do documento 9



"*modificaciones proyecto refundido*" volven a aparecer citados unha parte dos puntos relativos á protección do patrimonio arqueolóxico do informe da DXPC emitido o 26.10.2022.

Unha vez analizados os documentos poden facerse as seguintes consideracións técnicas:

- En relación co patrimonio arquitectónico e etnolóxico, a documentación remitida cumpre co solicitado no informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 26.10.2022, en canto que retira os aeroxeradores VC04, VC05 e VC06 da área de amortecemento do Camiño de Santiago, Camiño Francés. Deste xeito redúcese o impacto da infraestrutura eólica sobre o mesmo, especialmente no caso do VC04, que se despraza 2,8 km cara o suroeste do parque, afastándose notablemente do Camiño. Ademais para o VC05 fíxase unha altura de buxa reducida ata os 90 m de altura. Cabe sinalar que, co novo deseño do parque eólico, a máquina máis próxima ao Camiño atópase a uns 3 km do mesmo, polo tanto, as modificacións introducidas reducen a afección visual do parque eólico Vacaloura sobre o Camiño de Santiago, respecto da proposta anterior.
- Ao respecto das dimensións dos aeroxeradores empregados, a nova documentación aclara que se trata do modelo Siemens Gamesa SG145 ou similar, de 4,455 MW de potencia nominal unitaria, con un diámetro rotor de 145 m e unha altura de buxa de 127,5 m que, nos aeroxeradores VC04 e VC05, se reducirá ata os 90 m. Quedan polo tanto definidas as alturas finais das máquinas.
- Por último, ao respecto da afección visual do parque eólico sobre o BIC Torre das Penas e as igrexas románicas de Penas e Pol, o informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 26.10.2022, nun dos seus requirimentos recomendaba a diminución da altura das dúas máquinas do sur ou ben complementar a plantación existente de arboredo autóctono, de xeito que se mitigase o impacto visual sobre os citados bens.

Na nova proposta presentada estes dous aeroxeradores (agora VC02 e VC04) cambian de posición, situándose ámbolos dous en liña detrás da fachada principal do conxunto da Torre das Penas e a súa igrexa románica. Coas modificacións introducidas atópanse a maior distancia dos bens, e o VC04 ten ademais a súa altura de buxa reducida ata os 90m. En canto á igrexa románica de Pol, esta modificación das posicións dos aeroxeradores fai que agora se atopen máis lonxe deste ben, e que o máis próximo á mesma se desprazase cara o norte. Polo tanto, a afección visual do parque sobre estes bens veuse reducida polas modificacións introducidas no seu deseño.

- Por outra banda, o documento de resposta agora presentado recolle nun dos seus puntos as novas *medidas correctoras, protectoras e compensatorias* a engadir ás xa establecidas no *estudo de impacto ambiental* e que recollen tódolos requirimentos e condicionantes do xa citado informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, entre os que se atopa completar as barreiras vexetais existentes para reducir a afección visual sobre o BIC Torre das Penas e as igrexas románicas de Penas e Pol.
- Algo moi diferente ocorre en relación co patrimonio arqueolóxico, en ningún punto aparece indicado que as modificacións realizadas teñan sido revisadas dende o punto de vista arqueolóxico, algo que resultaría preceptivo, tendo en conta que algunhas das posicións pasan a situarse a máis de 500 metros dos lugares previamente avaliados. Hai obras proxectadas en zonas que non constan expresamente como prospectadas no anterior documento de Avaliación de impacto nin na memoria da prospección arqueolóxica dirixida pola arqueóloga Lorena Vidal Caeiro, da empresa Zeta Arqueoloxía.
- Esta falta de revisión arqueolóxica dos cambios proxectados resulta especialmente notable no subapartado 4.3.4.1. *Impacto sobre el Patrimonio Cultural* da addenda, no que, ademais de non avaliar arqueoloxicamente o novo deseño, non ten en conta os novos impactos que estes cambios exercen en zonas potencialmente conflitivas, como o contorno das Medorras de Vacaloura. Destaca especialmente o impacto severo que o novo deseño da gabiá orixina sobre a Medorra de Vacaloura 5 (GA27032101). Ao tempo resulta paradoxal que mentres se ignoran os novos impactos se teñen en conta posibles impactos sobre xacementos situados a máis de 200 metros das obras, como pasa coa Medorra de Penas do Viso 1 (GA27032050).
- Nos documentos enviados, tanto na addenda como no proxecto refundido, recóllense as medidas



propostas no informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 26.10.2022 para a protección do patrimonio arqueolóxico. Pese a aparecer reflectidas nos textos, nada no deseño do proxecto, ou na addenda, indica que se tiveran en conta. A documentación aportada non responde a ningún dos puntos solicitados para a protección do patrimonio arqueolóxico e, tras os cambios do deseño, observase un agravamento substancial dos impactos sobre este, que leva a sospeitar que existe un certo desleixo cara aos bens arqueolóxicos existentes, xa que gran parte das modificacións nos deseños de gabias e vieiros achegaría as obras cara a estes bens patrimoniais, algo fácil de amosar cunha simple revisión das distancias entre os xacementos arqueolóxicos e as novas obras proxectadas

Elemento	Axente de Impacto	Impacto
Medorra da Portela (GA27032012)	Modificación dunha curva a uns 40 metros ao sur da situación indicada no planeamento.	Severo
Medorra da Vacaloura 4 (GA27032100)	Gabia de Cableado e vieiro a 30 m ao S do xacemento.	Severo
Medorra da Vacaloura 5 (GA27032101)	Gabia de Cableado a 28 metros ao S do Xacemento	Severo
Medorra 2 de Pena Porreira (GA27049009)	Modificación do vieiro de acceso á máquina V07 a 12 metros ao oeste da posible situación do xacemento	Severo
Medorra 1 de Pena Porreira (GA27049015)	Vieiro de acceso a máquina VC07 a 80 ao suroeste da posible situación do xacemento	Severo
Petróglifos de Pena Porreira (GA27049051)	Vieiro de acceso cara a máquina VC07 a 25 m ao Sur do xacemento. Rectificación de curva sobre pista existente.	Severo

- Da documentación enviada despréndese que o resto de impactos manteríase tal e como aparecen no Anexo 3 que acompaña ao EslA do PE Vacaloura, a memoria da prospección Avaliación do Impacto sobre o Patrimonio Cultural do Proxecto PE Vacaloura (Monterroso e Portomarín, Lugo), asinada pola arqueóloga Lorena Vidal Caeiro.
- Tal e como se expuxo no anterior informe existe unha parte dos xacementos situados nesta zona que non estaban correctamente localizados nas fichas existentes na Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, algo que resultaba especialmente notorio no caso dos túmulos. Hai que entender que estamos nunha zona na que existían prospeccións moi antigas para as que non se usaba unha metodoloxía moi precisa de xeolocalización dos elementos patrimoniais, estes fallos resultan especialmente evidentes nas coordenadas, con amplas desviacións, pero tamén ás veces na situación sobre planimetría. Por outra banda, estamos ante unha comarca na que existiron, nos últimos 30 anos, intensas modificacións da superficie do terreo, asociadas a tarefas agrícolas e forestais, coa creación de amplos pasteiros e a súa posterior reconversión, en moitos casos, en zonas de repoboación forestal. A conxunción de ambos factores levou a considerar como desaparecidos numerosos xacementos, mantendo a súa hipotética localización. Esta serie de erros na situación dos bens arqueolóxicos foi recollida na planimetría dos planeamentos municipais, pasando tamén, en varios casos, ao Plan Básico Autonómico de Galicia (PBA), na planimetría do visor de aproveitamentos forestais e por último na documentación arqueolóxica que acompaña ao EslA.
- Tras unha exhaustiva análise dos modelados dixitais do terreo, da fotografía aérea histórica e da realización dunha nova lectura das fichas do ano 1992, en especial as súas descrições de accesos, resulta posible localizar varios xacementos, que ata agora estaban considerados como desaparecidos. Así no caso das medorras de Pena Porreira (GA27049009 e GA27049015) neste punto foi posible observar que se conservan evidencias a uns 106 metros ao nordeste do punto marcado no PBA, casualmente no mesmo punto indicado no plano da ficha antiga conservada na Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. As obras previstas para a construción do vieiro, coa



modificación dunha curva quedan situadas, apenas a 12 metros ao suroeste do túmulo, mentres a plataforma do aeroxerador V07 quedaría a 165 metros ao sur.

- Algo similar ocorre coa Medorra da Portela GA27032012, considerada como desaparecida, tanto nos resultados da prospección como no planeamento municipal, e que aparentemente estaría situada a uns 300 metros ao suroeste (coordenadas UTM ERTS89 fuso29N, X: 599899, Y:4740228).
- Esta serie de problemas na situación dos xacementos leva a poñer en dúbida a correcta localización doutros elementos que se atopan no interior da poligonal, e que se consideran como moi alterados, destruídos, ou difíciles de identificar sobre o terreo polo seu estado de degradación actual.

Así varios dos túmulos da Necrópole de Vacaloura non puideron ser verificados en campo durante os traballos de prospección, polo que se utilizaron as coordenadas da situación recollida no PBA para calcular a súa relación coas obras, isto resulta especialmente problemático no caso das Medorras da Vacaloura, xa que a uns 30 metros ao sur da súa hipotética localización están proxectadas obras de acondicionamento dun vieiro. Ademais os cambios proxectados no deseño da gabia levan a que esta pase a situarse 28 metros ao sur da Medorra da Vacaloura 4 (GA27032100) e a 25 metros ao sur da Medorra da Vacaloura 5 (GA27032101).

A DXPC dentro do ámbito das súas competencias, despois de ver os informes técnicos e tendo en conta o establecido na LPCG, emite o seguinte

INFORME

En atención ao expresado no apartado anterior, tendo en conta que non se presentou documentación que permita valorar a forma na que as obras poden afectar o patrimonio cultural, considéranse **desfavorables** as seguintes obras:

- As modificacións proxectadas na curva do vieiro que dá acceso ao Aeroxerador V07, así como calquera modificación deste vieiro no contorno de protección das Medorras de Pena Porreira (GA27049009 e GA27049015) e dos Petróglifos de Pena Porreira (GA27049051).
- Plataforma do aeroxerador V07.
- Gabia no contorno de protección da Medorra da Vacaloura 5 (GA27032101).
- Modificacións previstas no vieiro no contorno de protección da Medorra da Vacaloura 4 (GA27032100).
- Modificacións previstas no vieiro no contornos da Medorra da Portela (GA27032012).

Por outra banda queda pendente de avaliar por persoal técnico competente (arqueólogos/as) as novas posicións de infraestruturas propostas nesta resposta e, por tanto, estas tamén quedan pendentes de aprobación, en concreto:

- A nova posición do aeroxerador V02, vieiros e gabias asociadas.
- A nova posición do aeroxerador V03, vieiros e gabias asociadas.

Para o resto de infraestruturas emítese **informe favorable** coas medidas protectoras e correctoras sobre o patrimonio cultural contempladas no Anexo 3 que acompaña ao EsIA do PE Vacaloura, debéndose ter en conta os seguintes aspectos e consideracións:

- Deberá verificarse a correcta situación das Medorras de Pena Porreira (GA27049009 e GA27049015), revisándose a zona marcada nas fichas históricas, especialmente no contorno do punto visible na fotografía aérea, entre os anos 2002 e 2017, situado nas coordenadas UTM (ERTS89 fuso29N) X: 602.583 Y: 4.740.343.
- Na zona das Medorras de Vacaloura será necesario verificar a correcta localización destas sobre o terreo, cando menos daquelas que poidan se atopar afectadas na súa área de protección por futuras obras como a Medorra da Vacaloura 4 (GA27032100) e a Medorra da Vacaloura 5 (GA27032101).





- Do mesmo xeito que se solicita nos puntos anteriores, realizarase un labor de localización e verificación sobre o terreo de todos os xacementos que se sitúan no contorno de 200 metros das obras, asegurándose de que estes non se atopan noutro punto da poligonal, finalizada a comprobación daranse oficialmente por desaparecidos aqueles que se consideren como tales.
- Por outra banda ao non concretarse os accesos ao parque eólico fóra da poligonal, nin as actuacións que serán necesarias para acondicionar estes accesos, lémbrese que resulta preceptiva a realización dunha prospección arqueolóxica de todo o ámbito afectado por obras relacionadas con estes accesos ao parque desde fóra da poligonal. Esta intervención arqueolóxica deberá de realizarse por arqueólogos/os competentes autorizadas/os por esta Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Con respecto do proxecto sectorial adóntanse as seguintes medidas

- Deberá incorporar todas as modificacións no deseño do parque eólico, que deberán de reflectirse nas planimetrías correspondentes. Asemade deberá completarse coa totalidade do inventario dos bens identificados no estudo, todas as valoracións de impacto sobre os mesmos e a proposta de medidas protectoras e correctoras que se recollan no estudo de impacto ambiental a raíz destes cambios. As modificacións do proxecto executivo e do estudo de impacto ambiental deberán recollerse para que haxa correspondencia entre todos os documentos.
- Os contornos de protección dos bens arqueolóxicos serán os definidos nos planeamentos correspondentes, e, no seu defecto, especialmente naqueles casos nos que a situación nos planeamentos non sexa correcta, os contornos establecidos no artigo 38 da Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia.
- Respecto da cualificación urbanística dos terreos, deberá recollerse a correspondente a solo rústico de protección de patrimonio para as áreas de protección integral dos xacementos arqueolóxicos. Asemade deberán referirse as normativas de protección do patrimonio cultural dos planeamentos urbanísticos dos concellos afectados.
- Asemade os concellos afectados deberán integrar os novos xacementos arqueolóxicos, unha vez identificados e contrastados, ao tempo que se deben de retirar aquelas referencias ou elementos que xa está verificados como inexistentes dos catálogos urbanísticos de protección. Tamén deberán de definirse e cartografarse seus contornos de protección e retirar os elementos sen interese arqueolóxico das planimetrías de ordenación.

Toda vez que este informe se emite dentro do trámite ambiental, cómpre sinalar que de acordo cos artigos 39 e 45 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, as intervencións que se pretendan realizar en bens integrantes do patrimonio cultural, así como nos seus contornos de protección ou zonas de amortecemento, terán que se autorizadas pola consellería competente en materia de patrimonio cultural e a estes efectos, a entidade promotora ou os concellos deberá remitir o correspondente proxecto técnico de maneira previa a que se conceda a licenza municipal urbanística.

Documento asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

A directora xeral de Patrimonio Cultural

M^a Carmen Martínez Ínsua

Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais. Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación

